



### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2009

No Salón de Actos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 20:05 horas do día 4 de novembro de 2009, reúnese o Pleno da Corporación Municipal, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria segundo a Orde do Día fixado por Resolución da Alcaldía e notificada ós membros da mesma:

#### **Sres. Asistentes:**

#### **Alcalde-Presidente**

D. Félix Juncal Novas

#### **Grupo BNG**

D. Martín Villanueva Pastoriza

D<sup>a</sup> Laura Ogando Muñiz

D<sup>a</sup> María Teresa Magdaleno Rodríguez

D. Andrés Lamosa Barros

D. Carlos Otero Portela

D. Manuel Otero Pérez

D<sup>a</sup> Miriam Ferradáns Ferradás

#### **Grupo PP**

D. Miguel Juncal Pereira

D<sup>a</sup> Susana María Canosa Graña

D. Manuel Santos Pires

D<sup>a</sup> Alicia Fiel Sanmartín

D. Juan José Menduíña Rodríguez

#### **Grupo PSOE**

D. José Manuel Vilas Pastoriza

D. José Manuel Castro Dopazo

#### **Secretaria**

D<sup>a</sup> Lucía Artime Alonso

#### **Non asisten:**

- ✓ D<sup>a</sup> Reveca Mónica Gago Sánchez (B.N.G.)
- ✓ D. José Barreiro Malvido (P.P.)

Antes de comezar a sesión gárdase un minuto de silencio en memoria de Juan Martínez Martínez, procedendo ó traslado das condolencias a súa familia. Que descanse en paz.

### **1. Actas anteriores (extraordinaria de 23/09/09 e ordinaria de 07/10/09) 2009)**

#### **a) Extraordinaria de 23/09/09**

No que respecta a aprobación das acta da sesión extraordinaria de 23 de setembro, intervén o concelleiro popular, Sr. Santos Pires dicindo que na páxina 4 falta un o en pois e polo tanto di *pis*, o



que queda raro. Na última páxina falta a frase que debese engadir *"na xunta de portavoces"* e di tamén que ao nome de Susana Canosa fáltalle un *a*. Feitas estas correccións, a acta é aprobada pola unanimidade dos concelleiros presentes.

### **b) Ordinaria de 07/10/09**

Respecto da acta da sesión ordinaria de 7 de outubro intervén en primeiro lugar o voceiro socialista, Sr. Castro, dicindo que hai que substituír a frase *"coa compra da parcela"* por *"características da parcela"*.

De segundo intervén a concelleira popular, Alicia Fiel, dicindo que falta a referencia no acta ao compromiso do alcalde, feito en rogos e preguntas, de que vai contestar por escrito á cuestión do roupeiro.

Por último a concelleira D<sup>a</sup> Susana Canosa di que non lle constan as rectificacións solicitadas respecto da acta da sesión anterior e pide que se inclúan as mesmas.

A Secretaria do Concello lle explica que a rectificación ten que facerse na acta correspondente, pois o que se presenta ao Pleno é un borrador.

O grupo popular di que por parte dos funcionarios non se lles dixo eso. A Secretaria municipal di que se vai modificar a acta correspondente, pois así se aprobou no seu momento.

A acta é aprobada pola maioría dos concelleiros presentes, absténdose o grupo popular mentres non se introduzan as rectificacións solicitadas.

---

## **2. Dación conta Resolucións Alcaldía**

As resolucións da Alcaldía foron postas a disposición dos concelleiros, non habendo intervencións por parte dos mesmos.

---

## **3. Resolución alegacións ó Regulamento de Axuda no Fogar, e aprobación definitiva do mesmo.**

Propón o PP a retirada do asunto da orde do día por faltar na Comisión Informativa a proposta da concelleira; din que é unha cuestión meramente formal, pero que faltaba a documentación que se presenta agora no Pleno. Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se ben non se incluíu por escrito a proposta da concelleira, no dictame da comisión informativa se fai referencia á desestimación das alegacións, polo que entende que o tema tratouse.

Piden opinión á Secretaria que lles di que os dous teñen razón pois, se ben é necesario que os asuntos que chegan ao Pleno estean previamente dictaminados, coincidindo exactamente o seu contido, tamén é certo que ao deixar celebrarse a Comisión Informativa e aínda votala, de maneira implícita están aceptando o contido. Recomenda unha solución a secretaria intermedia: retirar o asunto da orde do día e introduci-lo novamente por urxencia para a súa discusión.

Acórdase a retirada pola unanimidade dos concelleiros presentes.

---

## **4. Declaración institucional 25 de novembro**

O Sr. Alcalde-Presidente di que a lectura se fará o día 25 de novembro, tal e como é costume neste Concello. Pide o PP a súa lectura pois pediron unha serie de rectificacións e queren ver se constan. Tras un pequeno debate, decídese que o PP poida ler a proposta para ver se foron incluídas as rectificacións solicitadas, pois o texto era máis político que outros anos. Lido o texto polo grupo popular.

Lido polo PP o escrito e non habendo mais intervencións, sometese a votación sendo aprobada pola unanimidade dos membros presentes (15 votos a favor dos membros de BNG, PSOE e PP), dispoñéndose en consecuencia:

### **Concello de Bueu**



1. Instar ó Ente Autonómico a que realice unha planificación para a actividade das previsións contidas na Lei 11/2007 que estaban pendentes de desenvolvemento; en concreto, a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral; realizar campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero; a formación da totalidade das e dos profesionais, e garantir o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público tamén recollido na lei.
2. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Ente Autonómico, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento Galego.

### 5. Proposta Concelleira de Igualdade: Aprobación inicial do *Consello Municipal de Igualdade*

Intervén o grupo Popular dicindo non se aproba o Consello senón o regulamento. Intervén o Sr. alcalde dicindo que é un erro material a falla da palabra regulamento. D<sup>a</sup> Alicia Fiel di que ten que haber constancia expresa, pois o Consello creouse fai tempo, participando ela na súa creación. A Secretaria di que constará en acta, que non se somete a aprobación o *Consello* senón o *Regulamento*.

O Sr. Alcalde-Presidente pasa a dar lectura do dictame, do seguinte contido literal:

- ***Asunto: Aprobación Inicial Regulamento Consello Municipal da Igualdade***

*Visto que no Concello non hai un Regulamento neste ámbito aprobado seguindo os trámites legalmente previstos ao efecto*

*Visto que o actual Instrumento que estamos a utilizar presenta importantes deficiencias no que respecta a composición e funcións do mesmo, e para adecuarse á legalidade e aprobarse dacordo á mesma*

***Presento a seguinte PROPOSTA:***

***Primeiro.- Someter a aprobación inicial no pleno Ordinario de Outubro do presente ano a proposta de Regulamento do Consello Municipal da Igualdade do Concello de Bueu.***

De seguido a Concelleira Delegada D<sup>a</sup> Laura Ogando, pasa a dar lectura da Proposta. Esta explica que agora se vai proceder a aprobación dun regulamento para o funcionamento interno do consello, mellorando o que había e modificando a composición do mesmo, adaptándoa á realidade deste tipo de Consellos.

Intervén a concelleira popular D<sup>a</sup> Alicia Fiel dicindo que o voto do seu grupo vai ser a favor, pero advirte que xa no seu momento se dixo na constitución do Consello que con posterioridade procederíase á creación dos órganos e demais normas necesarias, e que xa se saiba que non había regulamento xa que primeiro se crea o Consello e despois pouco a pouco vaise mellorando. Dí que lle parece que a redacción foi pouco elegante ao poñer de manifesto que hai moitas deficiencias.

De seguido intervén o voceiro socialista, Sr. Castro, dicindo que van votar tamén a favor e que espera que unha vez creado se convoque. Entenden que se introduciron melloras que eles crían necesarias e que esperan que se asemelle ao funcionamento do Consello de Cultura, que é un bo exemplo.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación sendo aprobada pola unanimidade dos membros presentes (15 votos a favor dos membros de BNG, PSOE e PP), dispoñéndose en consecuencia:



- ✓ **Aprobar inicialmente o Regulamento do Consello Municipal da Igualdade do Concello de Bueu.**

### **6. Proposta da Alcaldía: Modificación artigo 22 do Regulamento Municipal de Participación Veciñal**

O Sr. Alcalde da lectura do dictame da Comisión Informativa de Participación Veciñal, Medio Ambiente, Deportes e Sanidade, de data 30/10/09, emitido nos seguintes termos:

#### **2.- Modificación das condicións do Rexistro de Asociacións.**

*O Presidente da Comisión da a palabra ó Concelleiro D. Carlos Otero Portela, quen pon de manifesto as directrices a seguir nas inscricións das Asociacións. Acto seguido o Sr. Lamosa Barros explica os prazos de demais detalles das referidas modificacións no Rexistro de Asociacións, ditas modificación se concretan no artigo 22 de Participación Veciñal.*

*Sometida a votación ditas modificacións mostran a súa conformidade coas mesmas os seguintes: PSOE-G (1) P.P. (2) e B.N.G. (4).*

De seguido explica as razóns da modificación: eficiencia e colaboración entre as administracións, que facilitaría a labor do Concello, pois se aceptamos a inscrición no Rexistro da Xunta, evitaria unha duplicidade e exceso de documentación que moitas veces fixo imposible a inscrición de moitas asociacións no Rexistro Municipal.

Intervén o voceiro socialista. Sr. Castro dicindo que o seu voto vai ser a favor, pero entenden que esta modificación chega tarde. Dí que sabe que a culpa non foi totalmente do equipo de goberno, pois necesitaba o apoio da Secretaria. Parece que a Sra. Secretaria actual é da opinión de que as administracións públicas deben colaborar para facilitar as actuacións dos cidadáns, opinión que non tiñas as Secretarías anteriores, e que nos compartimos. Dí que a posta en coñecemento deste asunto pola Secretaria foi grazas a unha conversa que ela tivo con eles e na que se lle expuxo a situación na que se atopaba o Rexistro municipal de Asociacións.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación sendo aprobada pola unanimidade dos membros presentes (15 votos a favor dos membros de BNG, PSOE e PP), dispoñéndose en consecuencia:

- ✓ **Aproba-la modificación do Regulamento Municipal de Participación Veciñal, concretamente o artigo 22, reducindo os requisitos para a inscrición aos seguintes:**
  - **Presentación da inscrición no Rexistro da Xunta de Galicia.**
  - **D.N.I. do solicitante, debidamente cotexado.**
  - **Copia dos Estatutos da Asociación, co organigrama correspondente.**

### **7. Rectificación plantel de persoal, orzamento 2009**

O Sr. Alcalde da lectura do dictame da Comisión Informativa e a Concelleira Delegada Laura Ogando da lectura á proposta do seguinte contido literal:

#### **Asunto: Rectificación erro acordo plenario aprobación dos Orzamentos para o exercizo 2009**

*No pasado Pleno extraordinario de data de 21 de agosto de 2009 adoptouse o acordo de aprobación inicial do cadro de persoal e catálogo de postos de traballo do Concello para o exercizo 2009, xunto co orzamento xeral; quedando definitivamente aprobado tras a resolución das reclamacións no Pleno extraordinario de data 23 de setembro de 2009.*

*Tense advertido a existencia duns erros na publicación no BOP, erros materiais ou de feito, perfectamente subsanables. No Cadro de Persoal en relación a praza de Administrativo Xefe de Negociado do departamento de Urbanismo, onde consta que hai dous, cando na realidade existe un só Xefe de negociado nese departamento. Sen embargo, no Catálogo de*



## CONCELLO DE BUEU

Postos de Traballo, aprobado no Pleno antes mencionado, e que foi sometido ó trámite de información pública, figura a existencia de tres Administrativos Xefes de negociado: un para o departamento de Urbanismo, outro no departamento de Secretaría e un último Xefe de Negociado no departamento de Intervención. Visto que estes dous últimos figuran expresamente no Cadro de Persoal, e que no Catálogo se fai referencia a existencia de tes administrativos Xefes de negociado, é evidente que a referencia a dous xefes de negociado no departamento de urbanismo é un erro material. Considerando, por tanto, que se trata dun evidente erro material, procede a súa rectificación.

Así mesmo, dentro do persoal funcionario, non consta referencia algunha á praza de Administrativo de nova creación, praza que consta na Memoria de Alcaldía para o plantel e o catálogo e que foi obxecto de informe por parte de Secretaría, tamén consta na Estructuración dos órganos administrativos e no Anexo de persoal do orzamento 2009, xa definitivamente aprobado, polo que se considera que constitue un erro material a no inclusión da mesma no Catálogo e Plantel

Resultando que de conformidade co sinalado no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, as Administracións Públicas poderán rectificalos erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.,

Polo exposto, elévase ó Pleno a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO:

**Primeiro.-** Rectifica-lo acordo plenario de data 21.8.2009 de aprobación do cadro de persoal e catálogo de postos de traballo do Concello para o exercicio 2009, xunto co orzamento xeral, de xeito que o Cadro de Persoal e o Catálogo aprobado, quedará redactado tal e como se anexa a esta proposta. Así, no que respecta ao Cadro de persoal respecto a praza de xefe de Negociado do Departamento de Urbanismo, onde di:

<b>A.7) DEPARTAMENTO DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE E ACTIVIDADE DE SUPERVISIÓN</b>					
Denominación da praza	Número	Grupo	Subgrupo	Nivel	Escala
Arquitecto Superior	1	A	A1	25	Administración Especial
Arquitecto Técnico	1	A	A2	25	Administración Especial
Administrativo Xefe Negociado	2	C	C1	19	Administración Xeral
Auxiliar Administrativo	1	C	C2	15	Administración Xeral

Debe dicir:

<b>A.7) DEPARTAMENTO DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE E ACTIVIDADE DE SUPERVISIÓN</b>					
Denominación da praza	Número	Grupo	Subgrupo	Nivel	Escala
Arquitecto Superior	1	A	A1	25	Administración Especial
Arquitecto Técnico	1	A	A2	25	Administración Especial
Administrativo Xefe Negociado	1	C	C1	19	Administración Xeral
Auxiliar Administrativo	1	C	C2	15	Administración Xeral

E, no que respecta a praza de administrativo de nova creación, onde di:

<b>A.1) UNIDADE DE SECRETARÍA ALCALDÍA, INFORMACIÓN E ATENCIÓN Ó CIDADÁN</b>							
Denominación da praza	Número	Grupo	Subgrupo	Nivel	Escala	Subescala	Situación
Conserxe	1	Grupo sen titulación requirida		13	Administración Xeral	Subalterna	Propiedade

Debe dicir:

<b>A.1) UNIDADE DE SECRETARÍA ALCALDÍA, INFORMACIÓN E ATENCIÓN Ó CIDADÁN</b>							
Denominación da praza	Número	Grupo	Subgrupo	Nivel	Escala	Subescala	Situación
Conserxe	1	Grupo sen titulación requirida		13	Administración Xeral	Subalterna	Propiedade

**Concello de Bueu**

Rúa de Eduardo Vincenti, 8 36930 Bueu (Pontevedra) · CIF E3600400J · concello@concellodebueu.org · 986 390 029



## CONCELLO DE BUEU

Administrativo	1	C		19	Adminstración Xeral	Adminstrativa	Vacante
----------------	---	---	--	----	---------------------	---------------	---------

No Catalogo de postos de traballo a súa vez, onde dí:

ADMTVO	2	19	5.663.27		NS F	C	CB	C1	AX	BACH. SUP. OU FP-2		N
--------	---	----	----------	--	---------	---	----	----	----	-----------------------	--	---

Debe dicir:

ADMTVO	3	19	5.663.27		NS F	C	CB	C1	AX	BACH. SUP. OU FP-2	Unha de nova creación	N
--------	---	----	----------	--	---------	---	----	----	----	-----------------------	-----------------------	---

**Segundo.** - Proceder á publicación desta rectificación no Boletín Oficial da Provincia.

Intervén o concelleiro Sr. Santos Pires preguntando se o plantel sae mal dende o Concello ou é despois. Se lle responde que sae mal xa dende o Concello polo que responde que entón non é un erro senón unha chapuza.

Responde o Sr. Alcalde que non é unha chapuza, senón que é un erro, e de todos, porque o pantel presentase co orzamento ao Pleno, non á Xunta de Goberno. O Sr. Santos Pires contesta que é o equipo de goberno o que ten que revisar a documentación para ver se está correcta.

O Sr. alcalde di que respecta a opinión do Sr. Pires, pero que non é unha chapuza.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, sendo aprobada no seus propios termos pola unanimidade dos membros presentes (15 votos a favor dos membros de BNG, PSOE e PP)

### Fora da orde do día

Fora da orde do día, presentanse os seguintes asuntos:

#### a. Proposta conxunta da Corporación Municipal, en relación co escrito da Directiva da Cultural Deportiva Beluso

En primeiro lugar votase a urxencia, aprobándose por unanimidade.

De seguido, o Sr. Alcalde procede a lectura do dictame da Comisión Informativa e do escrito polo Concelleiro de Deportes, dos seguintes contidos literais:

#### ***Dictame da Comisión Informativa de Participación Veciñal, Medio Ambiente, Deporte e Sanidade***

##### ***6. Escrito da Directiva do Club Deportivo Beluso acerca do campo de Laxes.***

*Neste momento se reparten copia ós diferentes grupos políticos presentes nesta Comisión Informativa do escrito que presenta a Directiva da Cultural Deportiva Beluso o cal solicita a Deputación Provincial que se inclúa nas próximas actuacións de dito Organismo as melloras nas instalacións do Campo Municipal de As Laxes, que suporía fundamentalmente a colocación de céspede artificial, elaborándose unha proposta conxunta entre tódolos grupos políticos presentes, consecuentemente acórdase por unanimidade de tódolos presentes levar dito asunto a Pleno fora da Orde do Día. PSOE-G (1) P.P. (2) e B.N.G. (4).*

*Acórdase se inclua na Orde do Día do Pleno a celebrar o 4 de novembro por urxencia.*



### ***Escrito da Cultural Deportiva Beluso***

*A Directiva da Cultural Deportiva Beluso, ven a EXPOÑER:*

*1º. Que o pasado 29 de setembro do 2009, o Concello de Bueu solicita a Deputación de Provincial "que se inclúa nas próximas actuacións de dito Organismo as melloras nas instalacións do Campo Municipal de As Laxes, que suporía fundamentalmente a colocación de céspede artificial,*

*2º. Que o pasado día 7 de Outubro do 2009 a Deputación Provincial remite un escrito o Concello de Bueu, onde entre outras cousas di: "A Deputación mantén o compromiso de levar a cabo, de inmediato, nese Concello as obras de instalación de céspede artificial nun campo de fútbol... Agora ben, correspóndelle o Concello decidir, previamente en donde levar a cabo esta actuación. En consecuencia, ese Concello debe levar a cabo previamente as obras de infraestrutura que foran precisas no campo de fútbol que decida, e poñer os terreos a disposición desta Deputación, para así formalizar posteriormente o convenio correspondente." Ante o exposto vimos a solicitar o Pleno da Corporación Municipal, a celebrar o vindeiro mes de Novembro do 2009, o debate e posterior votación do seguinte:*

*1º Que o Concello faga as obras necesarias no Campo Municipal de As Laxes, e poña os terreos a disposición da Deputación para formalizar o convenio correspondente, na maior brevedade posible.*

*2º No caso de que a Corporación Municipal non aprobe o punto anterior, solicitamos que se adopte o seguinte acordo plenario:*

*Que o Concello comprométese a facer as actuacións precisas anteriormente mencionadas no Campo Municipal de As Laxes, a través dos Orzamentos Extraordinarios do Plan Estatal para a Reactivación Económica.*

Explica que o escrito remitiuse a todos os grupos municipais (nese momento intervén o Sr. castro dicindo que ao PSOE non se lles facilitou copia). Segue o Sr. Otero dicindo que non ven incluída na orde do día porque a convocatoria do Pleno foi anterior á celebración da Comisión, que tamén tardou un pouco mais polo tema do plan da prevención de incendios. Dí que non queren que os asuntos veciñais vaian só como iniciativa dun grupo político, senón de todos, sempre e cando todos estean de acordo.

O Sr. Castro felicita á directiva, aos pais e nais e incluso aos rapaces por conseguir a solución para unha das deficiencias das súas instalacións, xa que son os verdadeiros artífices da mesma.

O Sr. Alcalde expón que a vista do novo Fondo estatal de Investimento Local que saíu publicado o 27 de outubro, pódese destinar este a construción do novo campo de fútbol de Bueu, polo que a Deputación poderá destinar a súa financiación, a través de Convenio, para o céspede de Beluso, pois así o dixo a Deputación, podéndose destinar eses cartos a calquera dos dous campos. Recalca que a Directiva do Beluso está a facer grandes cousas, e o Concello, dentro das súas posibilidades, quere colaborar, aínda que recorda que os recursos do Concello son limitados.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación sendo aprobada pola unanimidade dos membros presentes (15 votos a favor dos membros de BNG, PSOE e PP), dispoñéndose en consecuencia:

- ✓ **Que o Concello faga as obras necesarias no Campo Municipal de As Laxes, e poña os terreos a disposición da Deputación para formalizar o convenio correspondente, na maior brevedade posible.**

---

### **b. Alegacións ó Regulamento de Axuda no Fogar**

En primeiro lugar votase a urxencia, aprobándose cos votos a favor do BNG e o PSOE e a abstención do PP. De seguido o Alcalde da conta do dictame da Comisión Informativa, pero non



procede a súa lectura pola retirada do mesmo da orde do día.

A Concelleira Delegada D<sup>a</sup> Laura Ogando, pasa a dar lectura da Proposta, do seguinte contido literal:

### **PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL**

#### **ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

*O Pleno do Concello de Bueu, en sesión que tivo lugar o 1 de agosto de 2009, prestou aprobación inicial ao Regulamento do servizo municipal de axuda no fogar (SAF) do Concello de Bueu.*

*Consonte o disposto no acordo plenario adoptado e mais o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) o expediente foi sometido a información pública polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) n<sup>o</sup> 174, do 09/09/2009, e mais no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.*

*Durante o referido prazo foron presentadas alegacións polo grupo municipal do Partido Popular tal e como se comunica no informe do rexistro de entrada deste Concello de data 21 de outubro de 2009.*

*Nas mencionadas alegacións solicítase se inclúa no texto do regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do concello de Bueu cambios no artigo 17 relativo á intensidade na prestación do servizo, establecendo unha franxa horaria para a prestación do mesmo.*

*Esta concellería toda vez que no informe técnico do departamento de benestar social fai referencia a que a normativa autonómica non establece unha limitación da franxa horaria para a prestación do servizo de axuda no fogar, considera máis adecuado que prevalezan os criterios de intensidade na prestación do servizo reflectidos no artigo 17 do texto do Regulamento que foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Bueu en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de agosto de 2009, por entender que os servizos de atención domiciliaria prestaranse só as horas que cada situación técnica avalada necesite, non excedendo en cada caso dos límites estipulados.*

*Así mesmo o servizo de inspección nas áreas de servizos comunitarios e inclusión social en escrito de data 15 de setembro de 2009 referente á solicitude iniciada polo Concello de Bueu para a autorización para o inicio de actividades do programa de axuda no fogar informanos que dado que a Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia regula un réxime sancionador das persoas usuarias dos servizos sociais no que establece a clasificación de infraccións e sancións, así como os órganos competentes para o procedemento sancionador ( Administración Autonómica ), a ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar non incluírá a regulación nesa materia.*

*Por todo, PROPOÑO:*

*Desestimar as alegacións presentadas polo grupo municipal do Partido Popular e en consecuencia que prevaleza integramente o artigo 17 tal e como se establece no Regulamento aprobado inicialmente.*

*Suprimir do Regulamento o capítulo VI – REXIME SANCIONADOR: FALTAS E SANCIÓNNS.*

*Que se aprrobe con carácter definitivo o texto do regulamento.*

Intervén a concelleira popular D<sup>a</sup> Alicia fiel asombrada polo informe pois se fala de dous cousas distintas: as súas alegacións e a corrección do texto no que lle dixo a Xunta. Dí que isto era o que tería que haber levado á Comisión Informativa para o seu debate, pero non levou nada. Di que a mestura destes dous asuntos tan dispares lle parece un *totum revolutum*.

Dí que a concelleira D<sup>a</sup> Laura Ogando, na Comisión Informativa lles dixo que ían a desestimar as alegacións por silencio, o que é unha barbaridade, pois isto non é unha solicitude senón unhas alegacións que sempre deben ser resoltas e contestadas, aínda que as rexeite, pero que non cabe o



silencio, e pide que se non diga a secretaria o contrario.

Tamén pregunta se a Sra. Concelleira lle pode dicir por qué non é bo introducir unha franxa horaria ou mellor por qué é prexudicial contar cunha franxa horaria. Dí que sabe que non todos os concellos teñen fixada unha franxa horaria, pero a maioría si, pois é moito máis beneficioso para os usuarios, que saben o que poden solicitar. Pide que lle contesten e despois continuará.

A Concelleira Dda. D<sup>a</sup> Laura Ogando responde que xa na Comisión explicou as razóns sobradamente, que se segue o modelo da Xunta, no que non se fai referencia algunha á prestación do servizo en franxas horarias determinadas. Pensa que a franxa horaria limita, pois sen ela o servizo pode prestarse as 24 horas do día, e se hai unha franxa horaria para o único que é beneficioso é para as empresas privadas, pois fora do horario establecido faranse horas extras. Interrompe nese momento D<sup>a</sup> Alicia Fiel dicindo que iso é unha barbaridade.

Continua D<sup>a</sup> Laura dicindo que teñen posturas diferentes, que noutras ocasións cedeu e atendeu as propostas presentadas por ela, pero que nesta ocasión non vai ser así porque non a considera beneficiosa para os usuarios.

Contesta D<sup>a</sup> Alicia Fiel recoñecendo que teñen posturas distintas, pero que si aparece por escrito no Regulamento *"o servizo prestarase as 24 horas do día"*, o aceptará. Expón que coas franxas horarias non só se benefician as empresas senón, e sobre todo, os usuarios do servizo porque teñen mais claro o que poden pedir e cándo. Dí que deben fixar dunha maneira clara as directrices a seguir e que lle parece un capricho non incluílo. Que é un capricho, pero que como teñen maioría absoluta o aprobará, pero que é un acto totalmente discrecional e inxustificado. Recorda que a Orde da Xunta marca as liñas xerais, pero que os Concellos deben extenderse mais. Reitera que e positivo incluílo pois non supón unha limitación. Remata dicindo que en servizos sociais non importa o partido político ao que se pertenza, o que importan son os veciños e prestarlle un bo servizo e entende que con este regulamento tan pouco claro, tan ambiguo, non se vai conseguir.

Intervén, de seguido, o Voceiro do PSdG-PSOE dicindo que este debate é a continuación da acalorada discusión que se viviu na Comisión Informativa, onde se falou largo e tendido. Dí que como non coñece moito sobre este asunto, ao remate da Comisión Informativa, preguntou as concelleiras os pros e contras da inclusión da franxa horaria e a respostas das concelleiras non lle convenceron e por iso foi ao seu partido e os técnicos lle dixeron que a inclusión da proposta do PP era redundante e que non consideraban necesaria a súa inclusión. Incide tamén no 2<sup>o</sup> apartado, di que non sabe se a votación dos dous apartados xuntos foi intencionada, se se poden separar... de todas maneiras fai constar que van votar a favor.

Alicia Fiel pregunta se hai moitos concellos que non teñan no seu regulamento franxa horaria.

Intervén o Sr. Alcalde e di que a concelleira do PP equiparou dous asuntos radicalmente distintos, un de imperativo legal que é a supresión do procedemento sancionador e outro que é opinable, a franxa horaria. Pregúntalle á concelleira popular en qué mellora a súa proposta o Regulamento. Pregunta á Secretaria do concello se co texto redactado hai algunha posibilidade de que un veciño de Bueu non puidese recibir a prestación de axuda no fogar. A Secretaria di que ao abeiro do texto, non. Segue o Sr. Alcalde dicindo que o regulamento está perfectamente redactado e non hai atrancos. Dí que outra cosa é a resolución que require informe de valoración técnica, pero co regulamento todas as peticións dos veciños teñen cabida, sexa a hora que sexa.

Alicia Fiel di que a concelleira Laura Ogando non lle contestou a súa pregunta. D<sup>a</sup> Laura di que hai concellos que non teñen esta franxa pretos a este e Alicia lle contesta que mire máis alá do Morrazo.

A concelleira popular reitera que este texto é ambiguo, non é claro, o que prexudica sobremaneira aos solicitantes, que non saben o que poden pedir.

Despois de solicitar opinión á Secretaria sobre a votación, aínda que só é unha proposta se votan os puntos separadamente.

Sometese a votación o primeiro punto, cos votos a favor do BNG e PSOE e os votos en contra do PP.

Respecto do segundo punto se aproba por unanimidade dos concelleiros presentes. O terceiro



punto conta cos votos a favor de PSOE e BNG e os votos en contra do PP.

En conxunto a proposta é aprobada pola maioría dos concelleiros, dispoñéndose en consecuencia:

- ✓ **Desestimar as alegacións presentadas polo grupo municipal do Partido Popular e en consecuencia que prevaleza integramente o artigo 17 tal e como se establece no Regulamento aprobado inicialmente.**
- ✓ **Suprimir do Regulamento o capítulo VI – REXIME SANCIONADOR: FALTAS E SANCIÓNS.**
- ✓ **Que se aprobe con carácter definitivo o texto do regulamento.**

### **c. Declaración de solicitude liberación dos mariñeiros do Alakrana.**

A petición do PP introdúcese este asunto, votándose a urxencia por unanimidade dos concelleiros presentes. Procede o concelleiro popular Sr. Juncal á lectura da proposta onde se pide ao goberno español a axilización nos trámites para o rescate do Alakrana, que tomen as medidas oportunas para a súa pronta liberación, pois corren perigo as vidas dos mariñeiros. Tamén solicitan a mellora nas medidas de seguridade das demais embarcacións que faenan polo Índico.

Sometida a votación a proposta é aprobada pola unanimidade dos concelleiros presentes.

### **8. Rogos e preguntas.**

En primeiro lugar, expón Dona Susana Canosa que o Sr. Alcalde aínda non fixo os deberes e non lle contestou por escrito á súa pregunta do pleno anterior, como prometeu. O sr. Alcalde resposta que ten razón e que o fará pronto.

En segundo lugar di que no ramal primeiro subindo á escola en meiro, había unha sinal e que agora só queda o pao. Pregunta se era unha sinal provisional para o verán, se era algo excepcional ou ten carácter fixo, debendo arranxala con premura.

Responde o Sr. Alcalde que pedirase informe á Policía Local sobre dito extremo.

Intervén nese momento o concelleiro socialista D. José Vilas dicindo que nese tramo non se pode aparcar.

De seguido o concelleiro popular Sr. Juncal di que ao lado da fotocopiadora hai un cartel sobre a emisión do CO2, o que lle parece ben, pero que o mellor aforro enerxético é o gasto que non se produce e di que hai moitas luces nas aldeas permanentemente encendidas. Pídelle ao Sr. Alcalde premura na automatización do apagado das luces. Responde o Sr. Alcalde que se está traballando neso, que antes estaban todas as luces do rural permanentemente encendidas e que se vai mellorando neso pouco a pouco.

Segue o Sr. Juncal dicindo que non hai indicativos do Plan de emerxencia nos locais do Concello e é obrigatorio.

Comeza o Voceiro do PSdG-PSOE, Don José Castro ca súa quenda de preguntas, e en primeiro lugar pregunta se a desafectación da escola unitaria de Meiro está feita. O Sr. Alcalde responde que sí, que cre que xa está rematada.

En segundo lugar, pregunta o voceiro socialista, respecto da obra da escola vella, se están exentos de licenzia municipal os veciños da Ila de Ons. O Sr. Alcalde di que é un tema espiñoso, un terreo pantanoso. Pregunta o Sr. Castro se a Escola Vella ten licenzia. O Sr. Alcalde contesta que non, que se atopan nunha situación parecida a de Portos, xa que algúns están exentos, pero respecto da Illa o Sr. Alcalde non di nada.

En terceiro lugar di que viu a última Xunta de goberno e lle gustaría saber cales son os camiños a



## CONCELLO DE BUEU

incluir no Plan anticrise da Deputación; o Alcalde lle contesta que suba a Secretaría para coñecer os datos. O Voceiro socialista di que quere que conste en acta que estes asuntos deberían tratarse en Comisión informativa.

En cuarto lugar pide ao alcalde solución para o arranxo de beirarrúas do vial de Portomaior. O Sr. Alcalde contesta que lle pediu ao aparelador unha pequena memoria e proposta sobre este tema, pois é unha cuestión que lles interesa e preocupa.

En quinto lugar, di o Voceiro do PSOE que nunha visita ao barrio da Roza se lles dixo que quizais habería outra solución mellor que a bomba de achique, que é utilizar unha canexa pública, estando disposta a propiedade do muro pegado á canexa a autorizar o paso da tubería. Di que quere que conste en acta que apoiarán esta opción no seu caso, pois a consideran mellor. O Sr. Alcalde di que é certa esta posibilidade e que, se se pode, a levarán a cabo.

Antes de rematar a sesión o Sr. Alcalde pon de manifesto que a Interventora do Concello, marchou para a súa terra, Ourense, e que houbese querido despedila no Pleno anterior, pero esqueceuse, polo que agora quere deixar constancia do seu magnífico traballo durante estes últimos anos e desexarlle toda a sorte no seu novo cargo.

E non habendo mais intervencións nin mais asuntos a tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 21:40 horas do día ó principio sinalado, de tódolo que, en canto Secretaria Xeral da Corporación, dou fe.

A Secretaria,

Vº Pr.  
O Alcalde,

Asdo: Lucía Artime Alonso

Asdo: Félix Juncal Novas